

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º NIVEL DE ED. PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE SAN VICENZO

Curso académico 2022/2023

PROFESORADO:

Mª BEGOÑA GÁNDARA PORTEIRO (4ºA)

ALBA VIEITES LESTÓN (4ºB)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO E DO ALUMNADO
2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
4. DESENVOLVEMENTO DAS ÁREAS DE APRENDIZAXE
 - 4.1. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA
 - 4.2. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS
 - Obxectivos
 - Contidos
 - Criterios de avaliación
 - Estándares de aprendizaxe
 - Competencias clave
 - 4.3. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
 - 4.4. ÁREA DE MATEMÁTICAS
 - 4.5. ÁREA DE LINGUA GALEGA
 - 4.6. ÁREA VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
 - 4.7. ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA
5. ASPECTOS METODOLÓXICOS.
6. MATERIAIS E RECURSOS
7. ORGANIZACIÓN TEMPORAL E ESPACIAL
8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
 - 8.1 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL
 - 8.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**
 - 8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
 - 8.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E ÁREAS.

Principios e concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos avaliábeis
 - 8.5 CALENDARIO DE AVALIACIÓNS
 - 8.6 AVALIACIÓN AO REMATAR O CURSO
 - 8.7 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

8.8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

8.9 CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

11. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

12. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

CONCLUSIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A elaboración da programación didáctica de aula supón un proceso de reflexión sobre a nosa realidade educativa e social. Por este motivo elaborouse respondendo a unha serie de cuestións que irán enfocando o seu contido e axustándoo ao contexto do centro escolar, da aula e das características do alumnado. Como instrumento de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada área do currículo, nesta programación queremos acadar as seguintes finalidades:

- Aumentar a coherencia da práctica educativa, mediante a toma de decisións conxuntas entre o profesorado que desenvolvemos a nosa acción docente neste nivel.
- Adecuar as prescricións da Administración ao contexto.
- Aumentar a competencia a través da reflexión sobre a nosa práctica docente.

O deseño desta programación permítenos fixar uns fins, evitar a improvisación e adaptarnos ao contexto no que se vai desenvolver.

A programación ten o seu soporte lexislativo e documental na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, xa que neste curso a LOMLOE non está implementada para 4º de Primaria. Tamén se ten en conta o resto de lexislación e documentos que a desenvolven na Comunidade Autónoma de Galicia e no noso centro.

Contextualización do centro

Está situado nunha zona semiurbana do noroeste de Galicia adicada fundamentalmente a servizos, industria e agricultura, sendo a súa comunidade educativa dun nivel socioeconómico medio.

As características da nosa contorna

- Centro situado no rural, con lingua vernácula o galego.
- Nivel económico e cultural medio.
- Dispersión da poboación nun núcleo urbano e en pequenos núcleos rurais.
- A maioría son rapazas e rapaces transportados polo transporte escolar.

As características do noso centro

- Centro con xornada continua de 9:30h. a 14:30h.
- 3 grupos de infantil e 10 grupos de primaria.

- O centro consta dun edificio coas seguintes instalación: patio con espazos para cada etapa que contan con distintos materiais deportivos, pavillón deportivo do concello e ximnasio, comedor e cociña, dúas bibliotecas, 10 aulas ordinarias de primaria e 3 de infantil, un aula de inglés, un aula de música e unha de relixión, aulas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, diversas salas para usos múltiples, 1 sala de mestras e mestres, 3 despachos para dirección e administración, 1 despacho para o departamento de orientación, aseos para o alumnado e o profesorado, e almacéns.
- Recursos humanos: 4 mestras de educación infantil, 10 mestre/as de primaria, 2 mestras de inglés (unha delas é itinerante), 1 mestra de música, 1 mestra de educación física, 1 mestra de relixión, 1 mestra de pedagogía terapéutica, 2 mestras de audición e linguaxe (1 delas compartida co CEIP de Baíñas) e 1 orientadora (tamén compartida co CEIP de Baíñas) e 1 auxiliar técnica.

Órganos do centro

- *Órganos unipersoais*: directora, secretaria e xefa de estudos.
- *Órganos colexiados*: Consello Escolar, Claustro.
- *Órganos de coordinación docente*: Equipo de Ciclo de E.I., Equipos de ciclo de E.P., Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, de Actividades Complementarias e Extraescolares, de Biblioteca, Equipo TIC, Equipo do Plan Dixital, Comisión de Coordinación Pedagóxica e titorías. O centro conta con Departamento de Orientación.

No centro temos autorizados os seguintes programas e proxectos: PLAMBE, PLAN DIRECTOR E PLURILINGÜÍSMO.

Contextualización do alumnado

Esta programación está dirixida a dous grupos de 29 alumnas e alumnos de 4º nivel de E.P., 4ºA de 14 alumnos/as e 4ºB de 15 alumnos/as; nove e dez anos. A estas idades ás nenas e nenos ábreles un novo horizonte: a necesidade e o desexo de independencia que supón a reafirmación da súa individualidade.

Trátase dun grupo con grandes diferenzas particulares a nivel madurativo, de actitude e/ou pola situación familiar. Polo tanto, a resposta tamén é moi diferente duns alumnos/as a outros/as e dunhas familias a outras.

Todos os alumnos/as teñen superadas as materias do ano anterior.

O ano pasado detectáronse algunhas necesidades, variadas e diversas como o propio alumnado. Dificultades de comprensión, razoamento, sobredotación intelectual... Neste sentido, o curso pasado solicitouse a intervención do Departamento de Orientación, polo que para este curso está proposto o deseño dunha resposta educativa adecuada ás necesidades, acorde coa organización de centro e aula e coordinada co Departamento de Orientación e profesorado responsable.

Terase en conta o informe individual valorativo do traballo realizado por cada alumno/a no curso 2021/2022, así como a avaliación inicial, que será especialmente relevante no comezo deste curso.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e alumnas as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito da convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas.

Contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con minusvalía.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua galega, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

- i) Inicialse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Prevense, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais.

Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

4.- DESENVOLVEMENTO DAS ÁREAS DE APRENDIZAXE

4.1. ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA				
Oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedimentais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.				
B e g h i	1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados. 1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos. 1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación.	1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	CAA CCL CMCCT CSIEE
			1.1.2. Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	CCL CMCCT CD
			1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE
			1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	CAA, CMCCT CD
			1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.	CAA CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e g h	1.4. Iniciación á actividade científica.	1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	CAA CMCCT CSIEE
			1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	CMCCT CCL
a b c k m	1.5. O traballo cooperativo. 1.6. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. 1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA CMCCT CSC CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE				
Integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.				
e h k	2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. 2.2. As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.	2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT
			2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	CMCCT CCL
b c d	2.3. Saúde e enfermidade. 2.4. Hábitos saudables de hixiene e outras condutas adecuadas.	2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde de determinados hábitos de hixiene e normas de comportamento.	2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene e de conduta adecuados e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	CMCCT CSC

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h k m			2.2.2. Identifica e valora as súas habilidades persoais.	CSC CSIEE
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS				
Oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.				
b h e l i o	3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes. 3.2. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables. 3.3. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables. 3.4. Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables. 3.5. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.	3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT
			3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	CMCCT
			3.1.3. Identifica rochas e minerais, coñece como se extraen e para que se usan. 3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos, coñece o valor da biodiversidade e condutas respectuosas para a súa conservación.	CMCCT CCL
a b c e h i j l	3.5. Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes.	3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes variados.	3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CMCCT
			3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	CMCCT CCL CSIEE CD

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA				
Inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.				
a b c e h	4.1. Fontes de enerxía renovables e non renovables. 4.2. Intervención da enerxía na vida cotiá. 4.3. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético. 4.4. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental. 4.5. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.	4.1. Identificar os usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	CMCCT CSC
			4.1.2. Recoñece os recursos naturais e a súa importancia, e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	CMCCT CCL CSC
b e g h	4.6. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz. 4.7. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.	4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	CMCCT CCL
			4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	CMCCT
b e g h	4.8. Realización de experiencias con mesturas. 4.9. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.	4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.	CMCCT
			4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	CMCCT

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS				
Inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.				
a b e h	5.1. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, etc.). 5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.	5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.	CMCCT CSC CSIEE
			5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.	CMCCT CCL
a b c d e h j m	5.3. Planificación e realización dun obxecto ou máquina de construción sinxela. 5.4. Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.	5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dun obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	CMCCT CCL CSC
			5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	CMCCT CAA CCEC CD CSIEE

4.2. ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS				
Fai referencia ás distintas técnicas, estratexias e métodos de traballo que potencian e favorecen a adquisición de aprendizaxes sobre o coñecemento do medio, procesos, destrezas e actitudes que contribúen a explorar e comprender a realidade.				
a b d e h i	<p>1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxuedanza e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.</p> <p>1.2. Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.</p> <p>1.3. Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.</p>	<p>1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.</p>	<p>1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	<p>CAA CD CMCCT CCL</p> <p>CSIEE CAA</p> <p>CAA CCL CMCCT</p>
a b c	<p>1.4. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.</p>	<p>1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e</p>	<p>1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	<p>CSC CAA</p>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d	<p>1.5. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia</p> <p>1.6. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.</p>	<p>1.2.2. Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.</p>	<p>CSC CAA</p>
b e h i o	<p>1.7. Utilización da terminoloxía propia da área.</p> <p>Familiarización con glosarios da área.</p> <p>1.8. Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).</p> <p>1.9. A prensa escrita e dixital como fontes de información.</p> <p>1.10. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.</p>	<p>1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.</p>	<p>1.3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.</p>	<p>CCL CAA CMCCT CSC</p>
			<p>1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.</p>	<p>CCL CMCCT CSC CAA</p>
			<p>1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>	<p>CCL CD CMCCT CSC</p>
<p>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</p> <p>Estudo da xeografía. Utilizaranse diferentes tipos de fontes xeográficas de información: textos, cadros e gráficos, esquemas, representacións cartográficas, fotografías e imaxes sintéticas para identificar e localizar obxectos e feitos xeográficos, facendo especial atención no territorio galego e español.</p>				
h g e i	<p>2.1. Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos.</p> <p>2.2. Escalas e signos convencionais dun mapa.</p>	<p>2.1. Diferenciar entre planos, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un e interpretar a súa escala e signos.</p>	<p>2.1.1. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.</p>	<p>CMCCT CAA</p>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h g i e b	2.3.O tempo atmosférico. 2.4. Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os cimogramas. 2.5. Os mapas do tempo. Símbolos convencionais. 2.6. Climas da Terra e de España.	2.2. Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer instrumentos de medida, realizar interpretacións de gráficos e mapas do tempo. 2.3. Coñecer os climas da Terra e de España.	2.2.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai interpretacións de datos do tempo atmosférico. 2.3.1. Coñece os climas da Terra e de España.	CMCCT CCL CAA
a b h e o	2.7.A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga. 2.8.Ríos de España e as súas vertentes hidrográficas.	2.4. Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas. 2.5. Localizar as vertentes de España, así como algúns dos seus ríos.	2.4.1. Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e se accede a elas.	CMCCT CCL
			2.5.1. Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas. E ríos de España.	CMCCT CCL
e h i o	2.9. O relevo de España. 2.10. A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica.	2.6. Identificar a Meseta, as cordilleiras peninsulares, depresións, costas e arquipélagos de España. 2.7. Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	2.6.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo de España e Galicia e as súas vertentes hidrográficas.	CSC CAA
			2.7.1. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.	CSC CAA
a b h	2.11. A intervención humana no medio. 2.12. A contaminación e o cambio climático. 2.13. Desenvolvemento sostible e consumo responsable.	2.8. Explicar a importancia da intervención humana no medio e coñecer comportamentos para favorecer o desenvolvemento sostible.	2.8.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	CSC CCL
			2.8.2. Coñece medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	CSC CCL

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE				
Pretende iniciar un proceso de comprensión das características dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas e ás persoas integrantes, a produción e reparto dos bens de consumo, sectores de produción, a vida económica dos cidadáns e cidadás, a organización social, política e territorial galega e española e o coñecemento do territorio, institucións e poboación europeas.				
a d h	3.1. Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	3.1. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.	3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.	CSC CCL
a d h o	3.2. As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.	3.2. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.	3.2.1. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	CSC CCL
a d h o	3.3. A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas. 3.4. Estructuras de goberno básicas: o concello.	3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos	3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	CCL CSC
a d h	3.5. Manifestacións culturais e lingüísticas de España.	3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.	3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC CCL
d g h	3.6. Demografía e poboación. 3.7. Conceptos demográficos: básicos e a súa representación.	3.5. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de	3.5.1. Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos, así como gráficos demográficos sinxelos.	CCL CSC CMCCT

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i o	3.8. Actividades económicas.	poboación. 3.6. Coñecer as actividades dos sectores primario, secundario e terciario.	3.6.1. Coñece as actividades dos sectores primario, secundario e terciario.	CSC
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO				
Traballárase a comprensión de conceptos como o tempo histórico e a súa medida, a capacidade de ordenar temporalmente feitos históricos e outros relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade a través da realización de cronogramas, liñas do tempo, mapas mentais, etc. É importante adquirir as referencias históricas que permitan elaborar unha interpretación persoal do mundo, a través duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso.				
b g h	4.1. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. Proxecto de traballo colaborativo sobre as formas de vida que caracterizan a Prehistoria.	4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	4.1.1. Define o concepto de prehistoria e historia, asociando as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.	CSC CMCCT CCL
			4.1.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.	CSC CCEC CCL
b h i	4.2. As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura.	4.2. Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia.	4.2.1. Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura.	CSC CMCCT CAA
g h i	4.3. Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.	4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.	4.3.1. Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.c. ou d.c.	CMCCT CSC

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d h o	4.4. A península ibérica na Prehistoria. 4.5. A península ibérica na Idade Antiga. 4.6. A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. Os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	4.4. Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia.	4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	CMCCT CSC CCEC CCL
			4.4.2. Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	CCEC CSC CCL
			4.4.3. Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	CSC CCEC CCL
			4.4.4. Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	CMCCT CSC CCEC
d h o	4.7. O noso patrimonio histórico e cultural.	4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC CCEC
d h o	4.8. Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo.	4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	4.6.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC CCEC

4.3. ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
Establece as habilidades necesarias para que os nenos e nenas comuniquen con precisión as súas propias ideas e axusten o propio discurso ás distintas situacións de comunicación. Ademais, aborda aspectos esenciais da interacción social como a escoita atenta, o respecto das ideas dos e das demais e os elementos non verbais da comunicación.				
a c e	1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.	1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.	CCL CAA CSC
			1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.	CCL CAA CSC
e	1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias.	1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse.	CCL
			1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.	CCL
			1.2.3. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	
a b e	1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e	1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)	1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.	CCL CAA
			1.5.2. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	CCL
			1.5.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.	CCL, CAA CSC, CSIEE
b e	1.6. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.	1.6. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel	1.6.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	CCL CAA CSIEE
b e	3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións).	3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	3.3.1. Elabora por escrito textos sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.	CCL CAA CSIEE
a b e j o	3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE
b d e i j	3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.	3.5. Usar, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	3.5.1. Usa, de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	CCL CD CAA CSIEE
b e i j	3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos, tipografía) e ilustrar o seu contido.	3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos.	3.6.1. Usa recursos sinxelos gráficos e paratextuais (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos e ilustrar o seu contido.	CCL CD CSIEE
a b e i	3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. 3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e	3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.	CCL CD CAA

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de reelaboración da información e dos coñecementos.		3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e como medio de obtención e coñecemento.	CCL CSC
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
e	4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte en actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).	4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.	CCL CAA
			4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.	CCL CAA
			4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	CCL CAA
			4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.	CCL CAA
			4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.	CCL CAA
b e	4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas.	4.2. Aplicar, de forma xeral, normas ortográficas e de acentuación.	4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.	CCL CSC CCEC
			4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións.	CCL, CSC CCEC
e	4.3. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia	4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír	4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	CCL

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	semántica ou posibles alteracións do significado. 4.4. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.	correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas.	4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.	CCL
			4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	CCL CSC CCEC
e	4.5. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.	4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos.	4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...	CCL CAA
e	4.6. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.	4.5. Identificar intuitivamente o suxeito e o predicado, así como o papel semántico do suxeito, para mellorar a comprensión e a produción de textos.	4.5.1. Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.	CCL CAA
			4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.	CCL CAA
b e i o	4.7. Uso do dicionario, en papel ou dixital, con certa autonomía.	4.6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía.	4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.	CCL, CAA CD
	4.8. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos.	4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.	4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.	CCL CAA
4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.			CCL CAA	

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a d e h m	4.9. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	CCL CSC CCEC
a d e m o	4.11. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.	4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para mellorar o seu uso.	4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.	CCL CCEC
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA				
B d e o	5.1. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos), así como da literatura galega en xeral.	5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.	5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.	CCL CAA CCEC
	5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL CCEC
B d e	5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses. 5.4. Lectura guiada e expresiva de textos	5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.	5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.	CCL CCEC CD

ÁREA	LINGUA GALEGA E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i	narrativos da literatura infantil (adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual).		5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.	CCL CCEC CD
b d e o	5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.	5.3. Identificar o xénero literario ao que pertence uns textos dados.	5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	CCL CCEC
b d e	5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade.	5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.	5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.	CCL
a d e o	5.8. Valoración da literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	CCL CSC CCEC

4.6. ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA				
m k	1.1. O autoconhecimento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.	1.1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepción.	1.1.1. Ten unha imaxe positiva de si mesma/o e é consciente das súas posibilidades reais e limitacións.	CSC CCL
m a	1.2. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. 1.3. O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.	1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	1.2.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.	CAA
			1.2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.	CSC CSIEE
			1.2.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC CSIEE CCL
m b	1.4. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e a ás demais persoas. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. 1.5. A Responsabilidade. Causas e consecuencias das accións propias.	1.3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos. 1.4. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións meditada e responsable.	1.3.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	CSC CSIEE
			1.3.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	CSC CSIEE
			1.3.3. Sopesa as consecuencias das súas accións.	
m	1.6. Seguridade nun mesmo e nunha mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias	1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para	1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.	CSC CSIEE

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	posibilidades. A toma de decisións. Tolerancia á frustración.	superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	1.4.2. Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	CSC CSIEE
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
m	2.1. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar, emprego do espazo físico e xestos. Adecuación a diferentes contextos.	2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.	CCL, CSC, CSIEE
			2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	CCL CSC
			2.1.3. Expón respectuosamente os argumentos.	CCL, CSC
b	2.2. escoita activa. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar.	2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	2.2.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	CSC CCL
e m	2.3. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.	2.3. Empregar a aserción.	2.3.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións e emprega a linguaxe positiva.	CCL CSC CSIEE
M	2.4. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo.	2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	2.4.1. Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	CCL CSC CAA
a o	2.5. A diversidade. Respecto polos costumes e modos de vida diferentes ao propio.	2.5. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	2.5.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.	CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
c m	2.6. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo.	2.6. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	2.6.1. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC CSIEE
BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS				
b m	3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación activa nestes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	3.1. Resolver problemas cunha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	3.1.1. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	CSC CSIEE
b	3.2. Interdependencia positiva e participación igualitaria. Condutas solidarias. Resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais.	3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA, CSIEE, CSC
			3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CSC
a	3.3. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia. 3.4. Elaboración de normas de convivencia positivas para a aula, facilitadoras e asumidas polo grupo.	3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia.	CCL CSC
			3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.	CCL, CSC
			3.3.3. Respecta as normas da aula e do centro.	CSC
c m	3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	3.4. Participar activamente na resolución pacífica dos conflitos, usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos	3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.	CSC CSIEE
			3.4.2. Analiza as emocións, sentimentos e	CSC

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		persoais.	posibles pensamentos das partes en conflito.	CSIEE
A	3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e nenas do mundo.	3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.	3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.	CSC CCL
a d	3.7. Dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais. 3.8. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.	3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social, así como os de homes e mulleres.	3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.	CSC CCL
			3.6.2. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.	CSC CCEC CCL CSIEE
d m	3.9. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e mulleres na familia e no mundo laboral e social.	3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.	CSC CCL

4.7. ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA – PLÁSTICA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
e j b	1.1. Comunicación das apreciacións obtidas por observación. 1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos. 1.3. Creación de imaxes para textos dados.	1.1. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes, comprendendo o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	1.1.1. Analiza e comenta o contido das imaxes dunha obra artística concreta.	CCEC, CCL, CSC
			1.1.2. Elabora carteis con diversa información considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis axeitada á súa función.	CCL CAA CCEC
			1.1.3. Ilustra historias nas que incorpora imaxes e textos.	CCEC, CCL, CAA
j b	1.4. Observación de materiais empregados nas obras plásticas. 1.5. Clasificación de texturas e tonalidades, e apreciación de formas naturais e artificiais.	1.2. Recoñecer e identificar as formas naturais e artificiais, as texturas e as técnicas básicas das obras plásticas.	1.2.1. Representa formas naturais e artificiais, utilizando diferentes instrumentos, técnicas e materiais.	CCEC CSIEE
			1.2.2. Clasifica texturas, formas e cores, atendendo a distintos criterios (similitude, tacto, dureza etc.)	CCEC CCL
			1.2.3. Identifica as formas de representar a figura humana nas obras.	CCL CMCCT
j e i	1.7. Interese por procurar información sobre as producións artísticas e por comentalas. Así como polos seus autores e autoras.	1.3. Identificar determinados/as artistas e amosar interese por coñecer as súas obras máis representativas.	1.3.1. Procura información sobre artistas plásticos/as .	CCL, CCEC, CSC, CD
			1.3.2. Expresa as sensacións e as apreciacións persoais sobre diferentes obras plásticas.	CCL, CCEC, CSIEE, CD

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
j e b	1.8. Indagación sobre as maneiras de representar o espazo.	1.4. Identificar as posicións dos elementos plásticos no espazo.	1.4.1. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta técnicas espaciais.	CCEC CSC CMCCT
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
j b	2.1. Procura das posibilidades da cor en contrastes, variacións e combinacións, apreciando os resultados sobre diferentes soportes. 2.2. Uso de diferentes texturas para as representacións (area, tecidos, papel etc.). 2.3. Exploración das calidades dos materiais e o tratamento non convencional destes (pintura espaxada, por chorro etc.). 2.4. Emprego de distintos soportes nas creacións. 2.5. Construción de móbiles, estruturas e volume. 2.6. Deseño e elaboración de elementos para representacións teatrais.	2.1. Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas.	2.1.1. Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.	CCEC
			2.1.2. Consegue dar sensación de profundidade e volume ás súas creacións.	CCEC CSIEE
			2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.	CCEC CSIEE
			2.1.4. Experimenta con materiais e texturas para creacións orixinais (têxtils, refugo, etc.), integrándoos de diferentes maneiras.	CAA CCEC
			2.1.5. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas etc.	CCEC CSIEE
			2.1.6. Utiliza e mestura técnicas (acuarela, témperas etc.) con finalidade estética.	CCEC CSIEE
			2.1.7. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.	CCEC
j g	2.7. Experimentación das dimensións e das proporcións dunha mesma forma	2.2. Realizar composicións plásticas con figuras xeométricas, manexando	2.2.1. Utiliza a cuadrícula como un elemento que estrutura o espazo gráfico.	CCEC CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b	<p>en diferentes posicións.</p> <p>2.8. Experimentación das posibilidades de representación con liñas grosas, finas, continuas, descontinuas e xeométricas.</p> <p>2.9. Realización de fotografías: enfoque e planos.</p> <p>2.10. Aplicación en producións propias de aspectos observados en obras artísticas.</p>	ferramentas básicas de precisión e utilizando escalas e proporcións.	2.2.2. Realiza trazos e formas xeométricas coa axuda das ferramentas básicas (regra, escuadro e cartabón).	CCEC CMCCT
			2.2.3. Aplica nocións métricas e de perspectiva á construción de estruturas e á transformación do espazo.	CCEC CSIEE
			2.2.5. Manexa e utiliza escalas e proporcións axeitadas para representar obxectos.	CCEC CMCCT
			2.2.6. Realiza composicións plásticas con figuras xeométricas, apreciando o valor expresivo da cor.	CCEC CSIEE
			2.2.7. Debuxa persoas e obxectos a través dun eixe de simetría.	CCEC CMCCT
i j b d	<p>2.11. Compilación impresa e dixital sobre manifestacións artísticas.</p> <p>2.12. Interese pola procura da información artística.</p> <p>2.13. Interpretación da información.</p>	2.3. Utilizar e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	2.3.1. Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre o contexto artístico e cultural para as súas producións.	CCEC CD
			2.3.2. Procura imaxes en soporte dixital para as organizar e as transformar nunha produción propia (historieta, cartel, mural...).	CD CAA
b j	2.14. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosquejos ou deseños.	2.4. Planificar e organizar os procesos creativos, e intercambiar informacións con outro alumnado para un traballo colaborativo.	2.4.1. Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información, desenvolvéndoa en esbozos e elixindo os que mellor se adecúan aos seus propósitos, sendo capaz de compartir cos compañeiros/as o proceso e o produto final obtido.	CSIEE CAA CSC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	CUARTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b j	2.15. Uso responsable de instrumentos, materiais e espazos. 2.16. Selección axeitada de materiais e espazos.	2.5. Coidar e usar correctamente os materiais, os instrumentos e os espazos,	2.5.1. Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.	CSC CSIEE
			2.5.2. Selecciona e utiliza os materiais de forma apropiada e responsable.	CCEC CSIEE

5. ASPECTOS METODOLÓXICOS.

Todas as áreas e bloques están interrelacionadas, polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partiremos dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Secuenciando os contidos partindo do que xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

Para o cal se terán en conta a análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior e un coñecemento personalizado da alumna/o.

Preténdese que o alumnado sexa o protagonista das súas aprendizaxes. A construción destas é persoal e polo tanto, moi diversa, polo que se deseñarán e desenvolverán propostas didácticas integradas, activas e contextualizadas, que impliquen e posibiliten a activación de variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento das distintas competencias. Tarefas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inxerencia, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes.

O traballo por proxectos, a aprendizaxe baseada en problemas, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo son propostas que responden a ese perfil.

A distribución do alumnado na aula será variable segundo o tipo de actividade. É dicir, pode ser en gran grupo (mesas en U), pequeno grupo ou individual.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, e tanto as prácticas de traballo individual, como cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, potenciarán a inclusión do alumnado. Ademais, a metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. Por iso é tan importante que se estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver o respecto ante outros puntos de vista, capacidades, necesidades, etc.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dáse tanto desde os ámbitos formais coma nos informais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Este curso, as titoras de 4º de EP decidimos empregar varias metodoloxías: aprendizaxe cooperativo, gamificación e traballo por proxectos, a partir dunha aula tematizada “JUMANJI”. Coa premisa de motivar ao alumnado solicitamos á Consellería o Contrato programa CPIInnova “Eduinnova” regulado na **Resolución do 9 de xuño de 2022**, para poder levar a cabo as metodoloxías innovadoras pensadas. Á idea é motivar ao alumnado dende o principio de curso poñéndonos no papel de xogadores da xungla que deben superar unha serie de retos. Deste xeito o alumnado terá que crear recursos dixitais, visualizalos, superar diferentes retos... Así, adquirirá ás competencias clave principais, a competencia en comunicación lingüística, competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender, competencia social e cívica e competencia dixital. Con este proxecto pretendemos lograr unha educación en valores onde o alumnado valore o traballo en equipo, a importancia do grupo, a empatía, o autoconhecimento... Para levar a cabo este proxecto precisamos tematizar a aula creando un recuncho de lectura baseado na xungla e na cabana do protagonista da película Jumanji.

6. MATERIAIS E RECURSOS

Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Máis, tendo en conta o sucedido nos cursos anteriores, polo que recorreremos á aula virtual, Abalar...

Contamos co material de aula: mobiliario de aula, un ordenador propio de cada unha das aulas e outros que podemos tomar en préstamo segundo necesidades puntuais, auriculares, un proxector en cada aula, PDI só en 4º A, fichas impresas, láminas, gráficos e murais das distintas materias, mapas... E os materiais

proprios do alumnado: libros de texto (Editorial Santillana), dicionarios, cadernos, útiles da escrita, regras...

Ademais, sempre que sexa necesario, deberemos elaborar e modificar diferentes materiais para adaptalos aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Por outro lado, debemos facer referencia aos recursos persoais cos que contamos no centro e externos ao mesmo. E por último, sinalar que en ocasións puntuais tamén botaremos man de recursos propios da contorna; físicos e humanos.

7. ORGANIZACIÓN TEMPORAL E ESPACIAL

Horario semanal 4ºA

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09.30 10.20	L. GALEGA E LIT.	L. CASTELÁ E LIT.	MATEMÁTICAS	E.F.	L. GALEGA E LIT.
10.20 11.10	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	L. GALEGA E LIT	L. CASTELÁ E LIT.	INGLÉS
11.10 12.00	C. DA NATUREZA	E.F.	RELIXIÓN	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ E LIT
12.00 12.30	RECREO				
12.30 13.00	HORA DE LER				
13.00 13.45	MÚSICA	INGLÉS	C. DA NATUREZA	C. SOCIAIS	REF. MATEMÁTIC. (libre confg.)
13.45 14.30	L. CASTELÁ E LIT.	C. SOCIAIS	INGLÉS	L. GALEGA E LIT	PLÁSTICA

Horario semanal 4ºB

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09.30 10.20	EF	INGLÉS	GALEGO	MATE	MATE
10.20 11.10	MATE	MATE	INGLÉS	GALEGO	GALEGO
11.10 12.00	LENGUA	SOCIAIS	NATURAIS	E.F	NATURAIS
12.00 12.30	RECREO				
12.30 13.00	HORA DE LER				
13.00 13.45	RELIXIÓN/VALORES	MÚSICA	LENGUA	LENGUA	INGLÉS
13.45 14.30	GALEGO	LENGUA	PLÁSTICA	SOCIAIS	LIBRE CONF.

Cada unha das unidades didácticas das áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas terán unha duración aproximada de dúas ou tres semanas. As unidades didácticas de C. Natureza e C. Sociais terán unha duración entre catro e cinco semanas. O que poderá variar en función das necesidades dos alumnos/as.

Ademais desenvolveranse distintos proxectos que terán unha duración variable, podendo desenvolverse en dúas, catro ou seis sesións.

Ademais do gran espazo ocupado polas mesas de traballo do alumnado, na aula dispoñemos de varios recunchos: biblioteca de aula (simulación da cabana do proxecto), recuncho TIC, recuncho dos xogos de mesa e recuncho de enriquecemento.

Trátase dunha organización variable e flexible en función das características e evolución do grupo, do tipo de aprendizaxes que se queiran favorecer, do tipo de actividade que se estea a realizar, etc.

8. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un dos elementos fundamentais dentro da acción educativa porque nos axuda a determinar si aquilo que estamos realizando, se axusta aos obxectivos que nos marcamos.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado vai ser **continua** e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. E permitiranos detectar as dificultades no momento no que se produzan, analizar as súas causas e, en consecuencia, reorientar a intervención educativa e adecuala á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións do alumnado. Cando observemos que o progreso dun alumno ou alumna non é o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas, adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos, e á aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados establecidos para cada área.

As decisións sobre promoción do alumnado adoptaranse na última sesión de avaliación do curso escolar, e no contexto do proceso de avaliación continua. Cada mestra ou mestre decidirá sobre os resultados da avaliación da área que imparta, sen prexuízo do carácter global da avaliación respecto ás decisións de promoción, que se adoptarán de forma colexiada polo equipo docente. No caso do alumnado con necesidades educativas e desfase curricular que reciben medidas de reforzo por parte da titora e especialistas do D.O., terase especialmente en conta a opinión e asesoramento destas especialistas.

8.1 DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Revisión dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional, co fin de tomar as decisións de actuación por parte do profesorado.

E atenderá aos seguintes aspectos: comunicación oral, competencia lectora, expresión escrita e ortografía, numeración, cálculo e resolución de problemas.

En xeral esta avaliación farase a través das actividades de aula e probas escritas.

8.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- **Probas escritas:** pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita.
 - Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula.
 - Caderno de clase do alumno/a. Recolleremos información para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.
 - Actividades de avaliación; fichas, probas escritas.
 - Traballos en grupo.
 - Actividades de expresión escrita.
 - Actividades interactivas.
 - Actividades de lectura, nas que o alumno/a ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre a mesma.
- **Probas orais:** probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral.
 - Preguntas individuais e grupais.
 - Participación do alumno/a.
 - Intervención na aula.
 - Postas en común.
 - Probas orais individuais.
 - Lectura expresiva.
 - Preparación individual ou en grupos de diversas actividades: presentacións, dramatizacións, contacontos, etc.
- **Tarefas (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma. Poden ser: debates, dramatizacións, contacontos, investigacións...
- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, para calibrar hábitos e comportamentos desexables. Actitude, esforzo, interese e comportamento.

8.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Criterios de cualificación	Valoración	Instrumentos utilizados
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas distintas unidades ou proxectos.	70%	Probas escritas, orais, probas lectoras periodicamente e a final de trimestre. Rúbricas.
Realización do traballo na aula: <ul data-bbox="129 611 607 730" style="list-style-type: none">● Realización adecuada do traballo.● Organización dos materiais● Presentación do caderno	10%	Caderno de aula, observación diaria. Rexistro de actividades da clase. Rexistro de organización e limpeza do caderno.
Realización do traballo na casa: deberes e traballos específicos.	10%	Rexistro de entrega de deberes. Puntuación de corrección dos deberes.
Valoración de actitudes na aula: <ul data-bbox="129 1066 757 1139" style="list-style-type: none">● Escoita, participación esforzo e colaboración.● Actitude e comportamento.	10%	Rexistro de participación. Rexistro de actitude na aula. Rexistro da valoración dos compañeiros (caderno de equipo). Comportamento.

Cualificación cuantitativa:

- Os resultados da avaliación expresaranse nos termos; Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BEN), Notable (NT), ou Sobresaínte (SB) para as cualificacións positivas. Ditos termos irán acompañados dunha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaínte: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

8.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS E ÁREAS.

8.3.1. Principios

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).
- Valoración cualitativa do avance colectivo.

8.3.2. Concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos variables

Ciencias da Natureza.

- Busca, selecciona e organiza a información importante de diferentes fontes, e a partir de textos, imaxes, gráficos e/ou vídeos, para completar as súas actividades e responder a preguntas, comunicando a información oralmente ou por escrito.
- Expón oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coas ciencia naturais que manifesten a comprensión dos mesmos.

- Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- Utiliza estratexias para traballar en equipo, de maneira responsable, con capacidade de esforzo e constancia no estudo.
- Explica as funcións vitais dos seres vivos.
- Coñece os principais órganos, sistemas e aparellos implicados nas funcións vitais dos seres humanos.
- Coñece hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación que nos axudan a coidar a nosa saúde.
- Recoñece e describe as características principais dos animais vertebrados e invertebrados, e identifícaos dentro destes grupos.
- Identifica e clasifica animais segundo o medio, a alimentación ou a forma de reproducirse.
- Identifica, clasifica e explica características fundamentais das plantas segundo diversos criterios.
- Comprende, identifica e explica as funcións vitais das plantas: nutrición e reprodución.
- Explica a importancia do proceso da fotosíntese para a vida na Terra.
- Mostra condutas de curiosidade, interese, coidado e respecto polos seres vivos, valorando a importancia do hábitat en que viven.
- Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa importancia na vida cotiá.
- Identifica materiais naturais e a súa orixe vexetal, animal ou mineral, diferenciando de materiais artificiais que se fabrican.
- Recoñece a importancia dos recursos naturais e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
- Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.
- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

Ciencias Sociais

- Utiliza as Tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes para obter información e aprender e expresar os contidos sobre Ciencias Sociais.
- Desenvolve a responsabilidade, capacidade de esforzo e a constancia no estudo.
- Realiza traballos e presentacións a nivel individual e de grupo que implican a busca, selección e organización de textos de carácter social, históricos ou xeográficos, mostrando capacidade para traballar individualmente e colaborativamente.
- Desenvolve a creatividade e o espírito emprendedor, aumenta as capacidades para aproveitar a información, ideas e presentar conclusións innovadoras.
- Identifica as capas da terra segundo a súa estrutura e explica as diferentes formas de representar a superficie terrestre.

- Identifica a atmosfera como o escenario dos fenómenos meteorolóxicos e explica a importancia de coidala.
- Recoñece os tipos de climas de España e identifica algunhas das súas características básicas.
- Explica a hidrosfera e identifica e nomea as masas e cursos de auga.
- Describe as características do relevo de España, a rede hidrográfica, e a súa localización no mapa.
- Explica que é unha paisaxe e os elementos máis representativos do medio físico, identificando as súas principais características e elementos, e diferenciando os tipos de paisaxes (de interior e de costa).
- Explica a importancia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais.
- Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante, sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos.
- Coñece as institucións de goberno de Galicia e do Estado español.
- Localiza nun mapa as diferentes comunidades autónomas e provincias de España.
- Valora a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español, respectando as diferenzas.
- Comprende os principais conceptos demográficos e as formas de representalos graficamente.
- Identifica e define materias primas e produto elaborado e asóciaos coas actividades en que se obteñen. Identifica os tres sectores de actividades económicas.
- Identifica as unidades de medida do tempo histórico (ano, década, século, milenio, idade, era) para iniciarse na localización e na ordenación de feitos históricos. Sitúa os feitos en liñas de tempo.
- Adquire o concepto de prehistoria e de historia, asociando as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.
- Coñece algúns aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.
- Identifica, valora e respecta o patrimonio e asume as responsabilidades que supón a súa conservación.

Lingua Castelá

- Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos demais.
- Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas en diferentes situacións, cun vocabulario adecuado e estrutura coherente.
- Responde a preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.

- Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel.
- Comprende o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais.
- Le diferentes textos en voz alta, sen dificultade, con fluidez e entoación adecuada.
- Comprende distintos tipos de textos (narrativos, informativos, descritivos, publicitarios, etc.) adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Identifica e describe aos protagonistas dunha historia, e identifica e expresa adecuadamente a secuencia temporal da narración.
- Resume un texto lido reflexando a estrutura e destacando as ideas principais.
- Identifica as palabras clave e ideas principais dun texto.
- Utiliza de forma guiada as TICs para a busca e tratamento da información.
- Escribe diversos tipos de enunciados ou textos sinxelos para resolver as súas actividades, respectando as normas gramaticais e ortográficas.
- Escribe textos sinxelos de diferente tipo (descricións, diálogos, resumos, postais e correos electrónicos, etc.); organizando as ideas, utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
- Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
- Utiliza as normas ortográficas básicas traballadas durante o curso.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
- Valora as súas propias producións escritas e a dos compañeiros e compañeiras.
- Utiliza o dicionario de maneira guiada.
- Coñece, identifica e diferencia nomes, adxectivos, artigos, posesivos, pronomes persoais e o verbo.
- Recoñece e sabe formar aumentativos e diminutivos.
- Diferencia familias de palabras.
- Recoñece e utiliza palabras sinónimas, antónimas e polisémicas na expresión oral e escrita.
- Utiliza os prefixos, sufixos e crea palabras derivadas.
- Utiliza con concreción os tempos verbais: presente, pasado e futuro.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.

- Recoñece a oración simple e distingue suxeito e predicado.
- Utiliza os signos de puntuación nas súas composicións escritas.
- Utiliza a sintaxe básica.
- Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, pequenas estrofas e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
- Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.
- Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.

Matemáticas

- Entende a situación expresada no enunciado dun problema.
- Emprega procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, segue os pasos necesarios de forma ordenada e realiza os cálculos necesarios.
- Comproba o proceso, revisando os pasos seguidos e as operacións realizadas.
- Completa enunciados de problemas engadindo os datos que faltan ou suprimindo os datos que sobran en relación coa pregunta que se fai.
- Resolve problemas de dúas e tres operacións, empregando sumas, restas, multiplicacións e/ou divisións.
- Le, escribe, compara e ordena números naturais de ata sete cifras, en orde crecente e decrecente.
- Realiza operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división afianzando a automatización dos procesos.
- Realiza estimacións de sumas, restas e produtos.
- Coñece a relación existente entre suma e multiplicación.
- Calcula multiplicacións con levadas por números de ata tres cifras.
- Interpreta unha potencia como un produto de factores iguais e expresa produtos deste tipo como potencias.
- Realiza operacións combinadas aplicando a xerarquía das operacións e os usos do paréntese
- Multiplica e divide un número por 10, 100 y 1.000.
- Realiza divisións con divisor de dúas cifras formando as dúas primeiras cifras do dividendo un número menor que o divisor.
- Recoñece a división como operación inversa da multiplicación e viceversa. E realiza e aplica a proba da división nos seus cálculos.

- Le e escribe fraccións; ordena series de números fraccionarios. Recoñece e interpreta fraccións.
- Coñece diferentes tipos de números e establece equivalencias entre eles.
- Identifica e utiliza os números fraccionarios na resolución de problemas.
- Le, escribe, compara y ordena números naturais, fraccións e decimais en orde crecente e decrecente.
- Realiza aproximacións de números decimais á décima ou centésima máis próximas.
- Realiza aproximacións de números decimais á décima ou centésima máis próximas.
- Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións de números decimais.
- Realiza divisións dun decimal entre un natural ou natural entre decimal e dun número decimal entre un decimal.
- Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións: segundo, minuto, hora, día, semana e ano.
- Le e representa horas nos reloxos tanto analóxicos como dixitais.
- Resolve problemas utilizando as unidades temporais e as súas relacións.
- Identifica o valor e a función dos céntimos, euros e billetes e realiza cálculos de distintas combinacións de moedas e billetes. E aplica as equivalencias.
- Recoñece as unidades de lonxitude, de capacidade e de masa e as súas abreviaturas.
- Realiza medicións utilizando instrumentos e unidades adecuadas a cada magnitude e explica os procesos que segue nas súas medicións.
- Compara e ordena, de maior a menor e viceversa, lonxitudes, capacidades ou masas.
- Realiza cambios entre as unidades que expresan cada magnitude e explica os procesos seguidos.
- Realiza operacións con unidades de lonxitude, masa e capacidades e resolve problemas onde aparecen estas unidades.
- Identifica e traza distintos tipos de rectas e circunferencias.
- Clasifica triángulos segundo os seus lados e ángulos, e os polígonos atendendo ao seu número de lados.
- Coñece e clasifica poliedros prismas e pirámides tendo en conta o número de vértices, caras e arestas que conforman cada un.
- Coñece os corpos redondos: cono, cilindro e esfera. E recoñece as características de cada un.
- Le e interpreta táboas e gráficos e responde preguntas sobre os datos expresados neles.
- Interésase por realizar os seus traballos de forma ordenada e limpa e esfórzase por mellorar.

Lingua Galega

- Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos demais.
- Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas en diferentes situacións, cun vocabulario adecuado e estrutura coherente.
- Responde a preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
- Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel.
- Comprende o sentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais.
- Respecta e valora as variedades xeográficas da lingua galega.
- Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
- Le diferentes textos en voz alta, sen dificultade, con fluidez e entoación adecuada.
- Comprende distintos tipos de texto (narrativos, informativos, descritivos, publicitarios, etc.) adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Resume un texto lido reflexando a estrutura e destacando as ideas principais.
- Identifica as palabras clave e ideas principais dun texto.
- Utiliza de forma guiada as TICs para a busca e tratamento da información.
- Escribe diversos tipos de enunciados ou textos sinxelos para resolver as súas actividades, respectando as normas gramaticais e ortográficas.
- Escribe textos sinxelos de diferente tipo (descricións, diálogos, resumos, postais e correos electrónicos, etc.); organizando as ideas, utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
- Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
- Valora as súas propias producións escritas e a dos compañeiros e compañeiras .
- Utiliza o dicionario de maneira guiada.
- Coñece, identifica e diferencia nomes, adxectivos, artigos, posesivos, pronomes persoais e o verbo.
- Recoñece e sabe formar aumentativos e diminutivos.
- Utiliza con concreción os tempos verbais: presente, pasado e futuro.

- Diferencia familia de palabras.
- Utiliza as normas ortográficas básicas traballadas durante o curso.
- Recoñece e utiliza palabras sinónimas, antónimas e polisémicas na expresión oral e escrita.
- Utiliza os prefixos, sufixos e crea palabras derivadas.
- Recoñece a oración simple e distingue suxeito e predicado.
- Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
- Utiliza os signos de puntuación nas súas composicións escritas.
- Utiliza a sintaxe básica.
- Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre linguas (galego-castelán).
- Le en silencio e voz alta obras e textos en galego da tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.
- Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, pequenas estrofas e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.
- Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.
- Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.

Valores Sociais e Cívicos.

- Reflexiona, respondendo a preguntas, ás consecuencias das súas accións.
- Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
- Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas.
- Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.
- Recoñece e identifica as calidades doutras persoas.
- Respecta e acepta as diferenzas individuais.
- Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.

- Amona boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
- Respecta as normas do centro escolar.
- Participa na elaboración das normas da aula.
- Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.

Plástica

- Analiza e describe de xeito sinxelo e utilizando a terminoloxía adecuada, imaxes fixas e en movemento, atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, iluminación, función...)
- Organiza o espazo nas súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
- Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis adecuadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de xeito adecuado, coidando o material e espazo de uso.
- Leva a cabo proxectos en grupo, respectando as ideas dos demais e colaborando coas tarefas que teñan sido encomendadas.
- Organiza e planifica o seu propio proceso creativo partindo da idea, recollendo información de distintos medios, sendo quen de compartir con outros alumnos e alumnas o proceso e o produto final obtido.
- Realiza composicións bidimensionais ou tridimensionais utilizando formas xeométricas básicas.
- Desenvolve hábitos de orde e limpeza, e usa de forma responsable e axeitada os materiais, os instrumentos e os espazos.
- Recoñece algunha obra importante da historia da arte e os seus artistas.

8.5 CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

En canto ás datas das sesións de avaliación e da entrega de boletíns informativos para as familias de cada un dos trimestres do curso, remitímonos ao recollido na PXA.

8.6 AVALIACIÓN AO REMATAR O CURSO

Realizaremos unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o curso, a partir dos datos recollidos da avaliación continua ao longo do curso, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas, en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable, adoptaranse as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas.

Tendo en conta o resultado do proceso de avaliación, entregaráselles ás familias un consello orientador no que se informe do grao de consecución dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, das posibles medidas que se deben adoptar e das formas de colaboración para paliar as posibles dificultades de aprendizaxe encontradas.

8.7 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do Centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente.

O alumnado promocionará ao nivel seguinte, sempre que o equipo docente considere que acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madurez. Así mesmo, promocionará sempre que as aprendizaxes non acadadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo nivel.

A decisión de promoción dun alumno/a tomaraa o equipo docente de forma colexiada. Para esta decisión, daráselle especial consideración á opinión do titor ou titora. E este proceso contará en todo momento co asesoramento do Departamento de Orientación, especialmente no caso do alumnado que recibe apoio educativo e está sendo obxecto de seguimento polo departamento.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

De acordo co establecido no PE.; se un alumno/a non acada os mínimos esixibles en dúas materias instrumentais, especialmente no caso de ser as matemáticas e algunha das linguas ou ambas, valorarase a posibilidade de repetición, tendo en conta a posibilidade de analizar a conveniencia ou non desta medida para cada alumno/a en concreto. Ocorre o mesmo no caso de ter 3 materias suspensas ou máis, sexan ou non instrumentais.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

8.8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Modelo de folla de rexistro dos criterios para avaliar a programación e os seus compoñentes:

No que respecta aos obxectivos	Si	Non
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel?		
Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?		
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?		
Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia se relaciona?		
No referido aos contidos:	Si	Non
Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos?		
Se explicitan os mínimos esixibles?		
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal?		
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?		

No relativo á metodoloxía	Si	Non
Prevíronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións?		
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?		
Foron adecuados os espazos previstos?		
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?		
No relacionado coa avaliación	Si	Non
Explicitáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que logralos?		
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno/a?		
Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado e familias?		
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado con materias pendentes en niveis anteriores e do alumnado que repite curso?		
No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo	Si	Non
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,?)		
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?.		

8.9 CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

ASPECTOS XERAIS	PREVISTO	REALIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA
Porcentaxe de programación impartida			
Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado			
Atención á diversidade			
Actividades de recuperación e reforzo			
Educación en valores			
Metodoloxía			
Materiais e recursos didácticos			
Actividades relacionadas co Plan TIC			
Actividades relacionadas co Plan de Convivencia			
Actividades complementarias e extraescolares			
Actividades relacionadas co Proxecto Lector			
Actividades relacionadas co Proxecto Lingüístico			

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O proceso educativo do alumnado, rexeráse polo principios de calidade e inclusión garantindo a igualdade de oportunidades e facendo efectivo que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades. En termos xerais, a intervención educativa partirá do nivel de coñecementos previos e a zona de desenvolvemento próximo de cada alumno e alumna, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxectivo de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Diferenciamos dúas modalidades de atención: unha atención xeral e a atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

En canto á atención xeral, como norma, acomodaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e/ou de cooperación familiar.

A intervención co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, planifícase en colaboración co Departamento de Orientación, tanto dende o punto de vista curricular coma organizativo e fundaméntase nos informes psicopedagóxicos, a avaliación inicial e información recollida polo profesorado. A adopción de medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario serán comunicadas ás familias e a xefatura de estudos.

Como *Medidas Ordinarias*, reguladas pola Orde 8 de setembro de 2021 e o D.229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade en Galicia, establécese:

- A adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos de avaliación.
- Atención educativa ao alumnado que por circunstancias xustificadas deba faltar ao colexio.
- Actuacións con aquelas familias que manteñen unha actitude pouco facilitadora do adecuado proceso educativo dos seus fillos/as.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programa de enriquecemento curricular.

Como *Medidas Extraordinarias*, establécese:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Organizaranse actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das distintas conmemoracións recollidas na *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia.*:

1º TRIMESTRE: Día Universal da Infancia.

Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

2º TRIMESTRE: Día Internacional da Educación.

Día Escolar da non Violencia e da Paz.

Día Internacional da Muller.

Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

Semana da Prensa.

Día Mundial da Saúde.

3º TRIMESTRE: Semana do Libro.

Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Día de Europa.

Semana das Letras Galegas.

Día Mundial do Medio Ambiente.

Igualmente, realizaranse actividades relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, a igualdade de trato e a non discriminación cara a estas persoas. Tamén se propoñerán outras actividades para traballar as festividades do Samaín e Magosto, o Entroido, e a fin de curso.

Tales actividades relacionaranse coa busca de información, competencia lectora, elaboración de textos, exposicións, actividades plásticas, etc.

Ademais, están programadas dúas saídas escolares no 1º e 3º trimestre en relación á temática de Jumanji, unha ruta polo monte e río de Cambeda e unha xornada no parque Marcelle Natureza respectivamente.

11. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A animación ou promoción da lectura, supón a realización dun conxunto de actividades, técnicas e estratexias que perseguen a creación e o fomento de hábitos lectores sólidos e estables, co fin de desenvolver lectores activos, críticos e competentes. É moi importante descubrir o pracer da lectura a idades temperás porque “engancha”.

Para formar bos lectores propoñemos:

- Suscitar a implicación dos alumnos e alumnas ante a comunicación literaria para espertar o pracer estético e algún tipo de emoción, tentando que as actividades estean asociadas a experiencias pracenteiras. Partiremos da lectura como recurso lúdico, así acadaremos que comprendan, que poida utilizala para adquirir novos coñecementos e fomentar a súa aprendizaxe, ensinándolle estratexias para isto. Deste xeito acadaremos “*ler para aprender*”
- Contribuír ao desenvolvemento das capacidades de comprensión dos textos, mediante estratexias de comprensión lectora.

Conxugar actividades de recepción dos textos literarios (lectura, análise e interpretación) con actividades de creación de escritos, de talleres de escritura literaria. Lectura e escritura camiñan da man, se somos capaces de facer “bos lectores”, sentirán a necesidade de comunicarse de maneira correcta por medio da escritura.

- Contar contos de tradición oral, cantar cancións, xogar con refráns e adiviñas, facer recitados, contacontos e dramatizacións.
- Lecturas diarias en calquera área e Hora de ler.
- Sesións de opinión, nas que recomendarán lecturas aos compañeiros e compañeiras, explicando que é o que lle gustou do libro que recomenda.
- Organizaremos controis de lectura, fichas de seguimento.

Biblioteca de aula

Na aula temos unha pequena biblioteca con diferente material de lectura. Deixaremos liberdade para que elixan o que lles chame a atención, ofrecéndolles variedade de libros adecuados á idade, tendo en conta a diversidade de gustos, expectativas e competencias lectoras do alumnado.

Ademais, poderán traer á aula, libros propios.

Biblioteca de centro

Despois da situación do COVID, volvemos a prestar o servizo de préstamo semanal, e volveremos a proponer actividades conxuntas de diferentes grupos neste espazo. Poderemos usar libros da biblioteca do centro para utilizar na biblioteca de aula, e tamén se ofrece o servizo de biblioteca de tarde.

12. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

A comunicación audiovisual

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, publicidade e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. Tamén na escola, o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permite enriquecer a metodoloxía didáctica e supón un valioso auxiliar para o ensino.

Por outro lado, tendo en conta a excepcionalidade da situación que estamos a vivir, e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o curso 2020/2021, faise imprescindible recorrer a recursos dixitais, que serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial.

No suposto de ensino non presencial, preferentemente a través da aula virtual do centro, determinaranse as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua. E establecerase a comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos.

Desde esta realidade, resulta necesario a súa incorporación na aula coa finalidade de iniciar un bo uso das mesmas. Esta incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento:

- **Informática como fin:** ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre o uso da aula virtual, plataforma Webex, ou correo electrónico.
- **Informática como medio:** o seu obxectivo é tirar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.

Recuncho dos ordenadores e PDI na nosa aula:

- Empregaremos a PDI para apoiar as explicacións e a adquisición de aprendizaxes, e para a realización de diferentes actividades interactivas.
- Os dous ordenadores poderanse utilizar como fonte de información e aprendizaxe.
- Utilización de xogos de reforzo de ortografía, matemáticas...
- Exercicios de recuperación de contidos online.
- Exercicios “a medida” de ampliación, reforzo ou avaliación (tratamento da diversidade): realización de determinados exercicios das plataformas de contidos ou de Internet.
- Tamén os empregaremos de maneira lúdica; música, vídeos...

Teremos en conta o Plan Dixital elaborado o curso pasado segundo a Resolución do 3 de setembro de 2021. Segundo a planificación indicada en dita resolución este ano debemos implementar este plan colaborando co equipo TIC. Ademais o noso centro forma parte do equipo de colaboración do IES de Vimianzo que está inmerso no programa Polos Creativos ao abeiro deste Plan Dixital.

13. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A competencia lingüística traballarémola dende cada área. A expresión e comprensión oral e escrita son as ferramentas básicas para que haxa unha comunicación eficaz na aula.

As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG ao inicio do curso. Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

- Mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega.
- Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado.
- Maior presenza ambiental do galego no centro.

14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso debemos establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo.

Establecemos as seguintes medidas:

- Presentación das normas de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polo alumnado. O alumnado participara na elaboración de normas para a aula.
- Creación dun clima de confianza, aceptando as iniciativas dos alumnos/as.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura dos encargados/as, que irán rotando.
- Fomento da aprendizaxe cooperativa.
- Incidir sobre as habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, mediante a participación do grupo clase, en sesións de valoración da convivencia.
- Rexeitamento de actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Incidir na responsabilidade do coidado dos espazos do centro: biblioteca, corredores, patios, baños...

As correccións ou sancións, de ser necesarias, terán un propósito formativo estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais. A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases de convivencia entre todos e todas.

CONCLUSIÓN

Cabe citar a xeito de conclusión, que tendo en conta o criterio de flexibilidade que ha de ter toda programación, esta poderá sufrir todos os cambios ou modificacións que sexan necesarios, en función das necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso para adaptarse en cada momento a cada unha delas e dar así a mellor resposta educativa posible.